

---

## TERMOS E CONDICIÓNS

---

A empresa que se inscriba no workshop comprométese á participación efectiva nas datas e lugares no que realice esta acción.

As empresas participantes no workshop terán dereito aos seguintes servizos:

- Traslado en avión: Voo de ida, volta e transfer entre illas
- Espazo individualizado e rotulado para a exposición da oferta da súa empresa e recepción de axentes emisores
- Menú gastronómico degustación de produtos galegos

Para a realización do evento, existirá un seguro de viaxe con coberturas médicas, de equipaxe volta anticipada ou cobertura COVID-19.

A organización do evento poderá realizar cambios en datas e lugares se así se determina co obxectivo de mellorar a realización do evento. Neste caso, se notificará as empresas participantes coa debida antelación.

Os custes derivados de cambios por parte das empresas (cambio da persoa que acude a viaxe, etc.) serán por conta da empresa solicitante.

No caso en que se determine a imposibilidade ou a inadecuación para a realización do workshops e por tanto, se proceda a cancelación do evento, realizarase unha comunicación as empresas inscritas no evento. A empresa solicitante asume que non existirá compensación económica adicional pola cancelación do evento.

As empresas finalmente seleccionadas, deberán respectar os prazos para a remisión da documentación necesaria.

---

## CRITERIOS PARA A SELECCIÓN DE EMPRESAS

---

Na organización do evento contarase con un grupo de 25 empresas que se distribuirán do seguinte xeito:

1. 6 Axencias de viaxe maioristas que traballen como receptivo e coa súa sede social en Galicia.
2. 10 Aloxamentos da categoría hoteis
3. 3 noutros aloxamentos. Entenderanse incluídos nesta categoría os seguintes: Albergues, Apartamentos turísticos, Campings, Pensiós, Turismo Rural, Vivendas turísticas.
4. 6 empresas que traballen na oferta complementaria: Bodegas visitables, turismo activo, turismo náutico, experiencias turísticas, museos de xestión privada, e outras actividades integradas na categoría de oferta complementaria.

No caso de concorrer en cada una das catro categorías anteriores máis empresas das indicadas, realizarase una baremación en cada categoría de acordo cos seguintes criterios:

1. Axencias de viaxe:
  - a. 10 puntos por existencia de certificación Q de Calidade
2. Aloxamentos da categoría de hoteis:
  - a. 20 Puntos por pertencer a unha cadea de hoteis ou grupo que represente a mais de un establecemento.
  - b. 10 puntos pola existencia dunha certificación Q de Calidade.
  - c. 2 puntos por cada estrela coas que conte o establecemento no relativo a súa categoría.
  - d. 1 punto adicional no caso de que o establecemento conte coa cualificación de superior.
3. Outros Aloxamentos.
  - a. 10 puntos por existencia de certificación Q de Calidade
4. Empresas de oferta complementaria.
  - a. 10 puntos por existencia de certificación Q de Calidade

No caso de existencia de empate por parte de dúas ou mais empresas en cada categoría, utilizarse o orde cronolóxico de inscrición como criterio de desempate.

No caso de non cubrir as prazas correspondentes a cada unha das catro categorías, cubrirase con excedentes das outras en base a esta orde:

1. Axencias de viaxe maioristas receptoras
2. Hoteis
3. Outros aloxamentos
4. Oferta complementaria